

4 Marzo, 2014

A AELG prepara unha homenaxe a Xela Arias en Vigo

cura de trazos que nos describan Homenaxe a Xela Arias

Marzo de 2014 | 19.00
IES Álvaro Cunqueiro
Vigo, s/n

Colabora



A AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) prepara unha [homenaxe](#) a Xela Arias en Vigo para o día 11 de marzo, ás 19 horas, no IES Álvaro Cunqueiro.

Á procura dos trazos que nos describan

Con este verso de [Xela Arias](#) nomeamos a homenaxe que a [AELG](#) lle quiere render á autora en marzo deste ano 2014. Un verso que na súa expresión sintetiza toda unha declaración de intencións, pois é o noso cometido -como organización que representa as escritoras e os escritores galegos- recoller, profundar e transmitir os trazos que nos describen. Trazos ou a obra das escritoras e os escritores que constrúen esta casa de noso que é a literatura galega. Homenaxear a [Xela Arias](#) é testemuñar que se tratou dunha autora singular para o seu tempo. É render homenaxe a unha voz única e a unha muller para quen a literatura foi un modo de vida. Unha muller que sentía e amaba a súa lingua, a terra e o pobo que creou esa lingua. É o momento de lembrar a [Xela](#), unha década despois do seu pasamento, na cidade en que viviu, nas voces que darán a dimensión extensa da súa personalidade, activa e curiosa, polifacética, que sumou poesía e música e plástica e creou arte. Xela poeta, tradutora, editora, docente... [Xela](#) comprometida alzando a súa voz contra a catástrofe do Prestige ou describindo a dor das desherdadas ou o amor das nais. É o momento de facer memoria, lembrar os seus versos e transmitir ese herdo inmenso que é a súa obra. Sumando trazos que nos describen.